



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 18 de outubro 2019

A D.O. Ribeira Sacra finaliza, despois de 51 días, a súa vendima máis produtiva

Este venres, 18 de outubro, entraron en adega as últimas uvas recollidas na D.O. Ribeira Sacra nesta campaña, o que dá por **finalizada a campaña oficialmente**. Este ano as condicións climatolóxicas foron favorables e o 8 de outubro superábanse os 7 millóns de quilos de uva previstos para esta vendima. A día de hoxe, cando todas as adegas terminaron coa recollida de uva, os datos de quilos de uva por variedade son os seguintes, **superando os 6 millóns de quilos da variedade Mencía**:

Variedades tintas:

- Mencía: 6.000.233 k
- Brancellao: 49.405 k
- Merenzao: 62.842 k
- Caíño: 30.920 k
- Grao Negro: 2.057 k
- Garnacha: 388.306 k
- Mouratón: 11.656 k
- Sousón: 109.183 k
- Tempranillo: 62.217 k

Variedades brancas:

- Albariño: 71.125 k
- Branco lexítimo 3.420 k
- Dona Branca: 5.648 k
- Godello: 422.886 k
- Loureira: 2.605 k
- Torrontés: 3.675 k
- Treixadura: 36.653 k

TOTAL DE KGS RECOLLIDOS: 7.262.831

A vendima do 2019 convértese así na **máis abundosa na D.O. Ribeira Sacra** ata a data, despois de rozar no 2011 os 7 millóns de quilos; e supérase en case 1.100.000 quilos á pasada campaña.



RIBEIRA SACRA
Consello Regulador Denominación de Orixe

NOTA DE PRENSA 18 de outubro 2019

O **Presidente do C.R.D.O.R.S., José Manuel Rodríguez**, mostra a súa satisfacción pola cantidade e a calidade desta colleita, "Estamos satisfeitos porque hai cantidade e calidade. Nesta ocasión non houbo ningún problema de xeadas, nin pedrisco, nin tivemos unha primavera complicada como ocorreu nos últimos anos. Houbo en xeral máis uva e de moi boa calidade e as adegas estaban esperándoa porque a necesitan para o mercado. A D.O. Ribeira Sacra vende toda a súa produción, polo tanto, as adegas teñen mercado para este viño. Terminamos unha campaña na que todo transcorreu con normalidade, subimos de media un 10% na produción con respecto á media dos últimos anos e tamén subimos un 10% no prezo, xa que a uva pagouse a 1,20 €."

Ademais de ser a vendima máis abundante da historia da D.O. Ribeira Sacra, esta campaña converteuse tamén na de **maior duración**. A data recomendada para o inicio da vendima era o 19 de setembro, pero o 28 de agosto abría a vendima a primeira adega e este 18 de outubro entraban en adega as últimas uvas, produto da **vendima heroica**.

Coa vendima terminada, a **D.O. Ribeira Sacra prepárase agora para acoller, entre o 24 e o 26 de outubro, a XXIV Asemblea Xeral da Conferencia Española de Consellos Reguladores Vitivinícolas (CECRV)**, encontro que achegará á Ribeira Sacra ao 98% do sector do viño con Denominación de Orixe en España.

Consello Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
Comercio 6/8 Monforte de Lemos (Lugo) · 27400 · España
Teléfono: (+34) 982 410 968 Fax: (+34) 982 411 265
Comunicación: Marta 698 167 991
Email: comunicacion@ribeirosacra.org